



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DO SOCIAL N. 1 reforzo VIGO

SENTENCIA: 00492/2019

CALLE LALIN NUM. 4-2°
Tfno: 986-817469/70/71
Fax: 986-817472

Equipo/usuario: SR

NIG: 36057 44 4 2018 0003496
Modelo: N02700

PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000693 /2018

Procedimiento origen: /

Sobre: ORDINARIO

DEMANDANTE/S D/ña:

ABOGADO/A:

PROCURADOR:

GRADUADO/A SOCIAL:

DEMANDADO/S D/ña: CONCELLO DE VIGO, EMSEBUR, S.L. , ARASTI BARCA MA, S.L. , ARASTI BARCA, S.L.

ABOGADO/A: LETRADO AYUNTAMIENTO, LORENZO SABELL PELAEZ , LORENZO SABELL PELAEZ , LORENZO SABELL PELAEZ

PROCURADOR: , , ,

GRADUADO/A SOCIAL: , , ,

SENTENZA 492/2019

Vigo, 28 de xuño do 2019.

Visto e oído por min, Alejandro Couselo Barrio, Maxistrado Xuíz en función de apoio ó Xulgado nº 1 de Vigo, o procedemento nº 693/2018 deste xulgado, cuxo obxecto o constitúe unha reclamación de cantidade, pronuncio a presente sentenza.

Foron partes no procedemento:

- 1.- demandante: , que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, representado por don Juan Manuel Rodríguez Amil.
- 2.- demandados: Concello de Vigo, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido polo Avogado Sr Costas; Emsebur S.L., Aristi Barca S.L.e Aristi Barca Mas S.L., que compareceron no procedemento no seu propio nome e interese, defendidas polo Lorenzo Sabell Peláez.



ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 3 de agosto do 2018 a parte demandante presentou demanda no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo. Na mesma o demandante, logo de alegar os feitos e fundamentos de dereito que tivo a ben, solicitou que se ditara sentenza na que se estimara a demanda e se condenara á empresa demandada a facerlle pagamento da cantidade de 803,22 euros.

SEGUNDO.- Admitida a trámite a demanda, sinalouse para os actos de conciliación e xuízo o día 4 de marzo do 2019, data na que tiveron lugar e ós que compareceu a parte demandante, quen se ratificou nas alegacións e pretensións que constan na demanda, As demandadas compareceron no procedemento e contestaron á demanda co contido que consta na acta videográfica.

Foi proposta e practicada a proba de documental e todas as partes concluíron como tiveron por convinte.

TERCEIRO.- O presente procedemento foi tramitado consonte as normas aplicables.

FEITOS PROBADOS

1.- A parte demandante, Don _____, con DNI n° _____, veu prestando os seus servizos para a empresa Emsebur S.L. por causa dun contrato de traballo indefinido discontinuo a xornada completa, corenta horas semanais, cunha antigüidade do 01/07/2016 e unha categoría profesional de Socorrista. Don _____ percibía un salario bruto mensual, con inclusión do rateo das pagas extras, de 1.253,40 euros (feitos non controvertidos).

2.- O demandante e a demandada concertaron o contrato de traballo como discontinuo para prestar os servizos consistentes en Vixiancia e socorrismo nas praias de Vigo. No ano 2016 a prestación de servizos rematou o día 5 de setembro do 2016. No ano 2017 a prestación de servizos abrangueu dende o 01/07/2017 ó 11/09/2017 (contrato de traballo).

3.- A relación laboral se rexe polo Convenio colectivo Estatal de Instalacións Deportivas e Ximnasios (contrato de traballo)

4.- Por sentenza ditada o 13 de decembro do 2018 do Xulgado do Contencioso Administrativo n° 2 de Vigo, ditada no seo do procedemento n° 301/2018, foron revocadas as actas de liquidación por importe de 6.918,46 euros e 3.459,23 euros





ditadas pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no seo do expediente nº 36/101/2018/00333/0
Por sentenza ditada o 13 de febreiro do 2019 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, ditada no seo do procedemento nº 303/2018, foron revocadas as actas de liquidación por importe de 2.762,80 euros e 1.381,40 euros ditadas pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no seo do expediente nº 36/101/2018/00334/0 (sentenza achegada polas empresas demandadas).

5.- Presentada papeleta de conciliación diante do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación de Vigo, o acto tivo lugar o día 16 de xullo do 2018, co resultado de intentada sen efecto (certificación achegada coa demanda).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Consonte o contido do artigo 97.2 da Lei Reguladora da Xurisdición Social, os anteriores feitos probados resultan do meu exame e valoración da proba que foi practicada no acto do xuízo, conforme ás regras da san e imparcial crítica, efectuada en relación con cada un dos medios de proba e, fundamentalmente, da proba documental achegada por ambas partes.

SEGUNDO.- A primeira reclamación que realiza a parte demandante atinxe á realización de 48 horas extras, consonte ó desglose das mesmas que realiza no feito sétimo da súa demanda.

Consonte á reiterada xurisprudencia que se ocupa do tema da proba das horas extras, o demandante debe probar cumpridamente a realización de todas e cada unha das horas extras cuxo pagamento reclama, ou ben probar a realización dun horario co que, de seu, se desprenda a realización das horas extras que reclama.

O demandante non practicou proba que acredite nin que realizara as horas que indica no devandito feito sétimo nin un horario do que se desprenda tal realización.

Reclama, igulamente, a percepción de dietas por terse que desprazar a un lugar distinto do seu lugar de traballo, concretamente ás illas Cíes. Pero é que as illas Cíes están radicadas ou forman parte do Concello de Vigo e, precisamente, no contrato se indica que a prestación de servizos se realizará nas praias de Vigo, que debemos entender que constitúen centro de traballo (como tamén fixeron as sentenzas dos Xulgados do Contencioso de Vigo que deixaron sen



efecto as actas de liquidación da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A conclusión é que o demandante non ten dereito a percibir dietas por acudir a realizar o seu traballo nas praias das illas Cíes.

Reclama unha diferenza de plus de transporte, pero descoñecemos en virtude de qué título pretende que se lle recoñezan, polo que non podemos estimar a súa pretensión verbo das mesmas porque descoñecemos os parámetros que pretende aplicar.

Por último, reclama 148,22 euros en concepto de gastos de traslado entre o centro de traballo e as praias, pero non podemos atender tal circunstancia porque xa indicamos que o centro de traballo do demandante abrangue todas as praias de Vigo e non consta probado que tivera que pasar necesariamente por punto algún antes de dirixirse ás praias.

A demanda debe ser totalmente desestimada.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución non cabe interpor recurso de suplicación (tal como establece o artigo 191.1 da Lei Reguladora da Xurisdición Social), porque a pretensión exercitada fronte á demandada non acada os 3.000 euros, do que se advertirá ás partes.

DAQUELA

XULGO

DESESTIMO a demanda presentada por _____ contra Emsebur S.L., Aristi Barca S.L.e Aristi Barca Mas S.L. e o Concello de Vigo, ós que **ABSOLVO** das pretensións formuladas contra deles.

Notifíquese a presente resolución ás partes, facéndolles saber que é firme e que contra a mesma non cabe recurso de suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así, por esta a miña Sentenza, pronúncioo, mando e asino.

